

ANÁLISE DE ESTILOS E ARTISTAS

Escolle de entre os seis bloques os aspectos que aplicarías á obra dun dos/as autores/as organizados/as por estilos para facer un comentario

Aspectos:

Bloque 1. Concepto e historia do debuxo

Representación obxectiva á subxectiva. Do figurativo á abstracción.

A Bauhaus e o deseño.

Debuxar no espazo.

O Laboratorio de Formas.

Bloque 2. A expresión gráfica e os seus recursos elementais

Espazos negativos e positivos das formas.

Textura visual e táctil.

Bloque 3. Debuxo e espazo

A liña, o debuxo e a tridimensionalidade.

A perspectiva. Aplicación da perspectiva cónica ao debuxo artístico.

Relación coa fotografía.

Espazos interiores, exteriores, urbanos e naturais.

Xeometría e natureza.

Bloque 4. A luz, o claroscuro e a cor

O sombreado e a mancha. Escalas e claves tonais.

Calidades e relacións da cor. O contraste de cor. Cor local, tonal e ambiental. Usos da cor no debuxo.

Perspectiva atmosférica.

A cor asociada á liña. Arte óptica e xeométrica.

Bloque 5. A figura humana

Canon e proporción. Os estereotipos de beleza en diferentes épocas.

Nocións básicas de anatomía artística.

Bloque 6. Proxectos gráficos colaborativos

Fases dos proxectos gráficos.

Estratexias de selección de técnicas, ferramentas, medios e soportes do debuxo adecuados a distintas disciplinas.

Estratexias de avaliación das fases e os resultados de proxectos gráficos. O erro como oportunidade de mellora e de aprendizaxe.

Exemplo de comentario comparativo



Imaxe 1. Figuras da fábrica de Sargalelos



Imaxe 2. Óleo sobre lenzo de Seoane

En gris aspecto descartados para aplicar ao comentario conxunto destas dúas imaxes:

Bloque 1. Concepto e historia do debuxo

Representación obxectiva á subxectiva. Do figurativo á abstracción.

A Bauhaus e o deseño.

Debuxar no espazo.

O Laboratorio de Formas.

COMENTARIO:

En ningún dos dous casos temos representacións obxectivas posto que son obras onde as formas non se corresponden coa percepción da realidade. Na imaxe 1 adiviñamos bruxas polos atributos que as acompañan, vasoiras e mouchos, e pola pose, montando nas vasoiras. As formas están condicionadas pola técnica da cerámica e pola xeometría típica das figuras de Sargadelos. Na imaxe 2 a estilización de formas e manchas tampouco se corresponde coa percepción das dúas mulleres representadas, ademais desa estilización mancha e liña están dissociadas segundo o antollo do artista. En ningún caso podemos afirmar que se trate de imaxes abstractas xa que distinguimos con claridade o representado.

Para a imaxe 1, a estilización apuntada máis arriba pode relacionarse coa estética da escola da Bauhaus polo que ten de esquemática, busca de simplicidade e idealización. Estas mesmas características son propias das pezas do Laboratorio de Formas de Sargadelos. A imaxe 2, que comparte as mesmas características, tamén a podemos asociar á Bauhaus pola similitude con algunhas obras plásticas da Escola e ao Laboratorio de Formas polo relación entre masas, cores e liñas.

Bloque 2. A expresión gráfica e os seus recursos elementais

Espazos negativos e positivos das formas.

Textura visual e táctil.

COMENTARIO:

Na imaxe 1 as partes coloreadas e as non coloreadas complementáanse funcionando como espazos positivos e negativos respectivamente. Na imaxe 2 podemos deducir que unhas manchas representan luces e outras sombras, non en tanto, esas manchas, como formas illadas, teñen un tratamento igual e aparecen como xogos de positivo-negativo, froito dunha reflexión do artista onde cuestiona o significado dos espazos.

Respecto á textura visual e táctil, na primeira imaxe só é visual e na segunda, sen poder tocala podemos afirmar case con seguridade que tampouco ao non detectar empaste de materia en ningunha parte do lenzo.

Bloque 3. Debuxo e espazo

A liña, o debuxo e a tridimensionalidade.

A perspectiva. Aplicación da perspectiva cónica ao debuxo artístico.

Relación coa fotografía.

Espazos interiores, exteriores, urbanos e naturais.

Xeometría e natureza.

COMENTARIO:

Só corresponde o comentario de espazos na imaxe 2, e diremos que polo traballo que parecen realizar as figuras o espazo é exterior, sen ningún elemento que poidamos identificar como para afirmalo

Bloque 4. A luz, o claroscuro e a cor

O sombreado e a mancha. Escalas e claves tonais.

Calidades e relacións da cor. O contraste de cor. Cor local, tonal e ambiental. Usos da cor no debuxo.

Perspectiva atmosférica.

A cor asociada á liña. Arte óptica e xeométrica.

COMENTARIO:

Nas dúas imaxes as cores son sempre planas, polo tanto no están asociadas á representación dun espazo ou volume modelado pola luz. Sen embargo si se evidencia o uso de cores cálidas na luz e frías na sombra.

Bloque 5. A figura humana

Canon e proporción. Os estereotipos de beleza en diferentes épocas.

Nocións básicas de anatomía artística.

COMENTARIO:

A única noción de anatomía nas dúas imaxes é o respecto a unhas proporcións realistas na representacións das figuras polo demais non hai preocupación algunha por cánones ou estudos de anatomía clásica.

Bloque 6. Proxectos gráficos colaborativos

Fases dos proxectos gráficos.

Estratexias de selección de técnicas, ferramentas, medios e soportes do debuxo adecuados a distintas disciplinas.

Estratexias de avaliación das fases e os resultados de proxectos gráficos.

O erro como oportunidade de mellora e de aprendizaxe.

COMENTARIO:

Podemos imaxinar as pezas da Imaxe 1 consecuencia dos estudos e investigacións gráficos de cadros coma os da Ilustración 2, onde os fondos, as manchas e as liñas teñen entidade por si mesmas e non están supeditados uns aos outros aínda que se complementen. Baixo ese punto de vista poderíamos dicir que imaxes do tipo da Ilustración 2 funcionan como fase anterior á 1.

Do mesmo xeito podemos imaxinar como erros ou imprevistos sucedidos durante a realización de cadros coma os da Imaxe 2, onde a experimentación está tan presente, poden dar como resultados achados positivos que finalmente quedan incorporados á esa nova linguaxe que xorde.

Estilos e artistas:

O Romantismo (finais del XVIII e mediados XIX) como: Francisco de Goya y Lucientes (1746-1828), Caspar David Friedrich (1774-1840), John Constable (1776-1837), Joseph Mallord William Turner (1775-1851), Eugène Delacroix (1798-1863)

O Realismo (sobre 1840-1880) coma: Gustave Courbet (1819-1877)

O Impresionismo (sobre 1860-1890) por exemplo: Édouard Manet (1832-1883), Claude Monet (1840-1926), Camille Pissarro (1830-1903), Berthe Morisot (1841-1895), Mary Cassatt (1844-1926)

O Postimpresionismo (aproximadamente 1886-1905) por exemplo: Paul Cézanne (1839-1906), Vincent Van Gogh (1853-1890), Paul Gauguin (1848-1903)

O Simbolismo e o Modernismo (entre finais do XIX e principios do XX) como: Gustav Klimt (1862-1918), Gustave Moreau (1826-1898), Alfons Mucha (1860-1939)

O inicio da escultura moderna: Auguste Rodin (1840-1917) e Camille Claudel (1864-1943)

O Expresionismo (principios do XX) como: Otto Dix (1891-1969), George Grosz (1893-1959)

O Fauvismo (ó redor de 1905-1910) como: Henri Matisse (1869-1954)

O Cubismo (entre 1907-1917) como: Pablo Picasso (1881-1973), Georges Braque (1882-1963), Juan Gris (1887-1927), Pablo Gargallo (1881-1934)

A Escola Metafísica (ó redor de 1910-1920) por exemplo: Giorgio de Chirico (1888-1978)

A abstracción pictórica (de 1910 en adiante) por exemplo: Vasili Kandinsky (1866-1944)

O Neoplasticismo (ó redor de 1917) por exemplo: Piet Mondrian (1872-1944)

O Dadaísmo (de 1916 o 1919) por exemplo: Marcel Duchamp (1887-1968)

O Surrealismo (sobre 1920-1950) como: Salvador Dalí (1904-1989), Remedios Varo (1908-1963), Maruja Mallo (1902-1995), Marc Chagall (1887-1985)

O Pop Art. (sobre 1950-1970) como: Andy Warhol (1928-1987), Roy Fox Lichtenstein (1923-1997)

Do expresionismo abstracto e figurativo artistas como: Jackson Pollock (1912-1956), Mark Rothko (1903-1970), Francis Bacon (1909-1992), Lucian Freud (1922-2011)

Galicia nos séculos XIX e XX como: Carlos Maside (1897-1958), Luis Seoane (1910-1979), Eugenio F. Granell (1912-2001)

O Hiperrealismo de Antonio López García (1936-)

Para una ampliación de artistas na historia da arte, cun criterio igualitario podes consultar *Amazonas con pincel* de Victoria Combalía entre outros moitos títulos.

Neste volumen faise un percorrido pola historia da arte dende o século XVII, describindo vida e obra de gran cantidade de autoras.